CONCELLO DE TEO

Dª VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA*:*

Que a sra. alcaldesa, con data de 12 de novembro de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHO NO CEMITERIO MUNICIPAL. D.ª MARÍA GIL CARBAJAL (2026/G003/001405)

EXPEDIENTE: 2026/X999/000977

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía do 5 de marzo de 2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía do 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que, con data de 12 de novembro de 2026 (rex. entrada nº 4864), presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D.ª María Gil Carbajal, con DNI ***1715**.

Considerando que, de acordo coa documentación aportada, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde ao falecemento da súa nai o 11 de novembro de 2026, téndose previsto facer o enterramento no día da data, 12 de novembro de 2026.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 12/11/2026 14:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/11/2026 14:14:00)
Versión imprimible
CVD: p9T+LpKeP0+TWBNzTKJ/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

Considerando que a documentación presentada pola persoa interesada atópase correcta, agás os certificados relativos a estar ao corrente coa Seguridade Social e coas obrigas tributarias, achegando a estes efectos pola interesada unha declaración responsable, e obrando os citados certificados no expediente 2026/X999/000318**,** debéndose en todo caso actualizar debidamente pola persoa interesada.

Considerando que na documentación presentada xa obra a xustificación do abono das contías correspondentes á concesión dun nicho (1.250,00 €), á licenza de apertura (60 €) e á garantía definitiva (35,80 €).

Considerando que, de acordo co exposto e á vista da necesidade inaprazable da interesada, no día da data, formulouse proposta de adxudicación a favor de D.ª María Gil Carbajal, sendo publicada na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios na mesma data.

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns de data 12 de novembro de 2026.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho **35-B Bloque 2** a D.ª María Gil Carbajal, con DNI ***1715**, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Dar por constituída a garantía definitiva, que ascende a 35,80 €, os cales se corresponden co 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación (sendo o valor de cada nicho de 1.193,21€)**.**

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 12/11/2026 14:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/11/2026 14:14:00)
Versión imprimible
CVD: p9T+LpKeP0+TWBNzTKJ/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Lembrar á interesada o compromiso de presentar, en canto lle sexa posible, os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (Facenda estatal e Facenda Pública galega) e coas obrigas da Seguridade Social.

Cuarto.- Notificar o presente á interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Visto e prace

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 12/11/2026 14:04:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 12/11/2026 14:14:00)
Versión imprimible
CVD: p9T+LpKeP0+TWBNzTKJ/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/